

GUÍA DE USO DE AENORMÁS

A base de datos AENORMás recolle o texto completo de todas as normas UNE, en vigor e anuladas.


Cando pulse sobre o enlace á base de datos AENORMás, aparecerá unha páxina coma esta:



Neste formulario de busca debe introducir no apartado "Código" o número da norma UNE sen guións e sen poñer o tipo de norma (o ano non é necesario), despois premer en "Buscar".

Se non se está seguro de que a norma siga a estar vixente, marcar en "Estado de las normas" a opción "Todas".


Na parte baixa da pantalla aparecerá a norma ou a listaxe de normas atopadas, cos pdfs co texto completo:



Ademais de polo número de norma UNE, tamén se pode consultar o catálogo das seguintes formas:

- “Palabra clave/título”: busca palabras no título, que se poden combinar cos operadores booleanos **AND**, **OR**, **NOT** e **AND NOT**, e empregar os comodíns ? (substitúe un carácter, ex.: pereir? recuperaría pereiro e pereira) e % (substitúe cero ou máis caracteres, ex.: informa% recuperaría información, informática, etc.). **IMPORTANTE:** as maiúsculas e minúsculas non as ten en conta, pero si os acentos gráficos, ex.: para recuperar normas sobre formigón, escribir ‘hormig?n’ así nos recuperaría tanto as normas onde estea escrito hormigón ou hormigon.
- “ICS”: é un código numérico que indica o tema de que trata a norma, segundo unha clasificación establecida de acordo coa Clasificación internacional de normas da ISO.
- “CTN”: busca polo Comité Técnico de Normalización; premendo na lupa se pode ver a relación dos comités existentes.
- Por data de edición ou anulación.
- Se pica só no recadro “Novedad” e preme en “Buscar”, aparecerá unha listaxe coas últimas normas UNE publicadas.

Existe tamén na páxina web de AENOR unha busca de normas avanzada: (<http://www.aenor.es/aenor/normas/buscadornormas/buscadornormas.asp?modob=A>)



Nesta busca, ademais de polos datos da busca normal, ten a opción de buscar por:

- “Equivalencia”: permite introducir o código dunha norma internacional ou europea, para localizar a norma UNE equivalente.
- “Sustituye a”: permite buscar a norma vixente correspondente a unha norma xa anulada.

IMPORTANTE: para pechar a páxina pulsar “Desconectar”:



Dúbdas frecuentes sobre AENORMás

Podo atopar en AENORMás normas estranxeiras?

Na páxina de AENOR (www.aenor.es), entrando na pestana “Normas y publicaciones”, despois en “Buscador de normas” e finalmente en “Búsqueda avanzada”, existe a opción de buscar as normas por equivalencia; na referencia da dita norma se atopará a norma UNE equivalente, se existe. Se non hai equivalente nas normas UNE, pero si aparece referenciada, vostede ou a través da súa biblioteca (contactando persoalmente ou cubrindo o formulario de suxestións http://www.udc.es/biblioteca/formularios/form_suxerencias.htm) poden pedir a AENOR comprar a dita norma no seu idioma orixinal.

Onde podo consultar normas estranxeiras?

Pódense consultar normas internacionais e de outros países en [IHS Standards Store](#). Desde esta páxina non hai acceso ao texto das normas, excepto se as compra, pero permite coñecer que normas existen e buscar despois en AENOR se teñen UNE equivalentes.